

PREGUNTAS

1. ¿Considera axeitado, que segundo os datos subministrados polo departamento contabilidade as festas patronais lle costasen o Concello 140.933,78 euros, e o Festival Portamérica en Portas 61.560,00 euros?.
2. A Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia ven de remitir o informe previo a aprobación definitiva do plan especial de infraestruturas e dotacións para ordenación da parcela de equipamento do sistema xeral E151 do PXOM do Concello de Caldas de Reis, e resulta favorable, aínda que condicionado. Tendo en conta que leva cos trámites mais de tres anos e que se trata da parcela onde se vai a construír o tan necesario novo centro de saúde ¿Cando espera Vostede finalizar os trámites? ¿Non lle parece urxente facer o traballo para poder ceder a parcela?.
3. ¿Considera Vostede satisfactoria a chapuza que ven de facer estes días o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana no asfaltado parcheado da N550 e N640 no casco urbano? E absolutamente lamentable como está a N640 nas rúas Juan Fuentes e Padres Somascos, e a N550 en Pedro Mateo Sagasta e Herrería ¿Como está a tan demandada actuación de rehabilitación da ponte da Herrería esta reclamada? A situación de Juan Fuentes e absolutamente lamentable, especialmente na contorna do cruce ca rúa Porto do Rio.
4. ¿Que explicación pode Vostede darlle o feito do lamentable estado dos dous aparcamentos públicos, tanto o da Tafona, como o de terra que está entre as dúas Porto do Rio e Tafona?
5. Vostede foi advertido, xa cando se arranxou a pista de San Martiño en Arcos da Condesa da perigosidade dun valo que ameazaba con caer, agora que caeu ¿Que pensa Vostede facer?.
6. ¿Pensa Vostede, por fin, por en marcha o proceso para o arranxo da Camiño Portugués no tramo de Arcos da Condesa onde están as vivendas? A día de hoxe eses veciños para chegar as súas casas teñen que rebentar os seus vehículos.

ROGOS (ADXUNTASE FOTOGRAFÍAS)

1. Que se proceda a limpeza e eliminación da vexetación, da ponte romana sobre o río Bermaña en pleno Camiño Portugués, previa autorización de Patrimonio.
2. Se limpe e adecente, este rogo xa é reiterado, o parque infantil do lugar de Eirin en Santa María.
3. Se reitera do río Umia, no seu tramo urbano, as árbores e demais vexetación arrastrada polas últimas crecidas.
4. Que se proceda, e xa o temos solicitado innumerables veces, a colocación de plantas decentes nos maceteros suspendidos da rúa Real, ou no seu defecto se retire todo e se deixe sen nada, a día de hoxe dan vergonza, e están en pleno Camiño.
5. A conexión de fecais do Asilo de Anciáns que fai pouco tempo instalou o Concello polo paseo o carón do Umia está vertendo as fecais pola senda, rogamos procedan a revisar que está sucedendo e solucionar o problema.